



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

**Resolución Reitoral de concesión directa de
bolsas Erasmus+ Estudos Grao ao alumnado
seleccionado no marco da convocatoria de
prazas para a selección de estudantes no
marco do programa Erasmus + Estudos para o
curso 2022-23**

A Universidade de Vigo, como institución elixible para participar no programa Erasmus + presentou a solicitude de financiación perante o SEPIE para poder levar a cabo actividades de mobilidade Erasmus+.

O alumnado ao que vai destinado esta axuda foi seleccionado polo procedemento de concorrência competitiva no marco da convocatoria Erasmus+ Estudos para o curso 2022-23 Estudos publicada por RR de 21 de decembro de 2021, polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrência. O interese público e social da concesión directa desta axuda está xustificado, toda vez que a convocatoria da Universidade de Vigo non adxudica axudas económicas ao estudantado seleccionado.

É polo que vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

Esta Reitoría resolve

Conceder en réxime de concesión directa, en atención ao interese público e social e, fundamentalmente, económico do seu obxecto as bolsas que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado no marco da convocatoria de prazas para a selección de estudantes no marco do programa Erasmus+ Estudos para o curso 2022-23 e coas seguintes bases,

1. Obxecto.

A finalidade da bolsa é contribuír a financiar o custo da estadía na universidade de destino do alumnado beneficiario dunha praza de intercambio en países participantes no programa Erasmus+, acción KA131.

2. Requisitos

- Estar matriculado/a no curso 2022-23 na Universidade de Vigo.
- Ter adxudicada unha praza de intercambio no marco da convocatoria de prazas Erasmus+ Estudos concedidas por Resolución Reitoral de 22 de abril de 2022.



3. Procedemento de concesión.

A axuda regulada nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones* e no artigo 40 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, por concorrer razóns de interese público e social.

Financiaranse un máximo de 9 meses de estadía, para estadias anuais e 5 meses para estadias semestrais.

Publícase no **Anexo I as listas de bolsas concedidas** e o importe máximo a percibir, que inclúe modificacións de destino e duración de estadía de participantes relacionados nas listaxes definitivas de prazas concedidas por Resolución Reitoral do 22 de abril de 2022

O importe definitivo da axuda calcularase coas datas xustificadas de inicio e fin da actividade no certificado de estadía.

A contía das axudas pode verse modificada polos seguintes motivos:

- Ampliación:
 - De un cuatrimestre a curso completo: Só terá dereito á axuda completa recollida no parágrafo anterior o alumnado que presente a solicitude no prazo establecido no convenio de subvención.
 - Se a ampliación é por un período máis curto deberá notificarse á ORI, polo menos, cun mes de antelación á finalización da estadía.
- Por redución da estadía:
 - Se o alumnado percibira o primeiro pago da bolsa e reducise o período de estadía previsto inicialmente deberá devolver o importe que non corresponda unha vez xustificada a estadía.
- Cambio de destino por causas xustificadas.
- Financiación adicional por acreditar a condición de estudante con menos oportunidades. .

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4. Incompatibilidades

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e en concreto coa bolsa do MEFP e outras axudas complementarias ao programa Erasmus: as da Xunta de Galicia para realizar estadias en países participantes no programa, as bolsas Santander Erasmus e as bolsas complementarias das Deputacións de Ourense e Pontevedra.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da



actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Ley 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones.

5. Dotación e pagamento.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **1.230.180 €** en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito.:

En 2022, na aplicación orzamentaria 2022ORI1121DERA48210 un total de **1.003.240 €**

En 2023, na aplicación orzamentaria 2023ORI1121DERA48210 un total de **226.940 €**.

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de transferir fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE a esta partida de bolsas.

A contía da bolsa dependerá do país de destino. No caso de meses incompletos, a axuda financeira calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

O estudantado con menos oportunidades (bolseiros MEFP no curso 21-22 ou con certificado de discapacidade de 33% ou superior) percibirá unha contía adicional de 250€ por mes:

	Países	Bolsas Erasmus+	Bolsa Erasmus+ estudantado con menos oportunidades
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia.	310 €/mes	560 €/mes
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.	260 €/mes	510 €/mes
Grupo 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía.	210 €/mes	460 €/mes

O estudantado cun certificado de discapacidade dun 33% ou superior poderá solicitar axudas adicionais. A solicitude deberá ser tramitada na ORI nos prazos que indique o SEPIE

O estudantado que realice a mobilidade a distancia durante un cuadrimestre ou durante o curso completo dende o país de orixe non terá dereito á axuda correspondente a ese período. Ese período constará como bolsa cero.

O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.



Aboarase o importe corresponde a 8 meses de bolsa en estadias anuais ou 4 meses de bolsa en estadias cuatrimestrais tralo envío do certificado de chegada (modelo de documento que será facilitado pola ORI).

O importe restante aboarase trala presentación do certificado final de estadia e ter cumprimentada a enquisa europea.

6. Aceptación e renuncia

Non será necesaria a aceptación da axuda económica ao ter aceptada o destino adxudicado.

7. Obrigas do beneficiario.

O/A adxudicatario/a das bolsa quedará obrigado/a a cumprir coas obrigas que establece o convocatoria de prazas Erasmus+ convocada por Resolución Reitoral de 21 de decembro de 2021.

A persoa beneficiaria debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación. Deberá presentar unha declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda. O modelo estará colgado no portal de bolsas coa convocatoria de prazas Erasmus + Estudos, curso 2022-23.

8. Xustificación.

Trala finalización do período de intercambio, deberá achegar a certificación de estadia.

9. Reintegro da axuda e perda do dereito de cobro

A concesión desta bolsa pode ser revogada ou declarada a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

9. Transparencia

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.



10. Protección de datos

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](https://portafirmas.redsara.es/pf/valida)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR
Por Delegación R.R. 22/06/2022
DOG 06/07/2022
A vicerreitora de Internacionalización

Mª Isabel del Pozo Triviño

